

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

10305 *Real decreto 815/2015, do 11 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 903/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Programas Educativos Europeos e se acorda a súa nova denominación Servicio Español para a Internacionalización da Educación.*

O Acordo de Consello de Ministros, do 20 de setembro de 2013, polo que se adoptan medidas de reestruturación e racionalización do sector público estatal fundacional e empresarial, establece no seu anexo II.1.b).5 que a Fundación para a Proxección Internacional das Universidades Españolas (Universidad.es) se extinguirá e a súa actividade será integrada no organismo autónomo «Programas Educativos Europeos».

A revisión integral da Administración pública realizada pola Comisión para a Reforma das Administracións Públicas (Cora), creada mediante Acordo do Consello de Ministros do 26 de outubro de 2012, cuxo obxectivo é a racionalización de estruturas, procedementos e recursos, estivo dirixida a conseguir unha mellora na eficacia e eficiencia na actividade pública, minorando o seu custo sen que isto comporte a diminución na calidade dos servizos prestados.

A necesidade de adaptar as estruturas organizativas ás novas exigencias sociais e ás demandas dos cidadáns é consubstancial ao funcionamento de todo sistema administrativo. Desde esta convicción, o Acordo do 26 de outubro de 2012, que creou a Comisión para a Reforma das Administracións Públicas, estableceu a constitución da Subcomisión de Administración Institucional, á cal encomendou «analizar a distinta tipoloxía de entes que a compoñen, revisar o marco normativo e os modelos que nel se identifican como óptimos, e expor as modificacións que conveñan na lista de entidades existentes».

A Comisión para a Reforma das Administracións Públicas propón no seu informe numerosas medidas para lograr un sector público máis racional, libre de duplicidades e máis eficiente desde o punto de vista do gasto público. Concretamente, sinálase como xustificación para a absorción de Universidad.es polo Servicio Español para a Internacionalización da Educación, SEPIE (de igual modo que para outras fundacións) que unha fundación pode actuar como un mero instrumento de canalización de axudas públicas a terceiros, sen achegar un valor engadido, realizando en realidade unha actividade propia do ministerio de tutela, pero á marxe dos controis a que está sometida unha Administración pública.

A Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, modifica no seu artigo 5 a disposición adicional cuadraésimo sexta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, establecendo que o organismo autónomo «Programas Educativos Europeos» «incorporará nos seus fins potenciar a proxección internacional do Sistema universitario español e a súa oferta, así como a mobilidade interuniversitaria». O organismo autónomo asumirá estas funcións no momento en que se extinga a fundación do sector público estatal Fundación para a Proxección Internacional das Universidades Españolas (Universidad.es), coa nova denominación de Servicio Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), «subrogándose nos dereitos e obrigas de que sexa titular a dita entidade, excepto os dereitos e obrigas que esta fundación ten derivados da súa absorción da extinta Fundación Xeral da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, e que están destinados ao cumprimento dos fins da Universidade Internacional Menéndez Pelayo e se executan en virtude dos fins recollidos no artigo 3.2 dos seus estatutos, que pasaran ao organismo autónomo Universidade Internacional Menéndez Pelayo».

Igualmente, a mencionada Lei 15/2014, do 16 de setembro, no seu artigo 4, establece a modificación do nome do organismo autónomo «Programas Educativos Europeos», que pasa a denominarse Servicio Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE),

e a integración da Fundación para a Proxección Internacional das Universidades Españolas (Universidad.es) no Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE).

De acordo co anterior, este real decreto ten por obxecto a modificación do estatuto do organismo autónomo «Programas Educativos Europeos» para adecuar a súa organización á asunción das funcións e actividades que viña desempeñando a Fundación para a Proxección Internacional das Universidades Españolas (Universidad.es), e do Real decreto 903/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o dito estatuto, para os efectos de proceder ao seu cambio de denominación.

Doutra banda, o organismo é a Axencia Nacional para a xestión, difusión, promoción e estudos de impacto do novo programa «Erasmus+» no ámbito da educación e a formación (2014-2020), que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2014, de acordo co disposto no Regulamento 1288/2013/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, pola que se establece o programa «Erasmus+».

O dito programa integra os programas existentes no Programa de aprendizaxe permanente e tamén os programas de educación superior internacional: Mundus, Tempus, ALFA, Edulink e programas bilaterais.

Polo tanto, cómpre realizar as adaptacións correspondentes nos estatutos do organismo ao novo programa que substitúe o anterior Programa de aprendizaxe permanente.

Igualmente, é necesario salvagardar a cualificación do organismo autónomo como axencia delegada da Comisión Europea para a execución do programa «Erasmus+» para o que é necesario separar a xestión dos programas europeos e manter os recursos dedicados á xestión destes. Por isto, hai que reforzar a dirección, a unidade de coordinación, así como as actuacións de control dos fondos comunitarios levados a cabo polo departamento de avaliación e control do organismo, con independencia do persoal que se integre procedente de Universidad.es.

Tamén se procede a racionalizar a estrutura institucional do organismo simplificándose os órganos que participan nel e se procede a adaptar a composición e o réxime de funcionamento á nova natureza e aos obxectivos derivados do programa comunitario, así como á asunción das competencias procedentes de Universidad.es.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Educación, Cultura e Deporte, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de setembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 903/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o estatuto do organismo autónomo «Programas Educativos Europeos».*

Un. O título do real decreto queda redactado da seguinte forma:

«Real decreto 903/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o estatuto do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE).»

Dous. Modificación do estatuto do organismo autónomo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), aprobado polo Real decreto 903/2007, do 6 de xullo.

O estatuto do organismo autónomo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), aprobado polo Real decreto 903/2007, do 6 de xullo, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un novo número 4 ao artigo 1, coa seguinte redacción:

«4. O organismo ten como fins, ademais dos mencionados no número 2, potenciar a proxección internacional do Sistema universitario español e a súa oferta, así como a mobilidade de estudantes, profesores e investigadores interuniversitaria.»

Dous. Modifícase a alínea a) e engádese unha nova alínea h) ao artigo 3.1, coa seguinte redacción:

«a) Levar a cabo a xestión coordinada das accións do programa «Erasmus+» ou do programa que o substitúa, incluída a súa xestión orzamentaria, de acordo cos criterios establecidos polo Regulamento 1288/2013/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece o programa «Erasmus+» ou, de ser o caso, de acordo cos criterios establecidos pola normativa que o substitúa.»

«h) Contribuír a unha maior internacionalización do Sistema universitario español, potenciar a súa proxección en todos os ámbitos internacionais, promover no exterior a oferta educativa e investigadora das universidades e centros de investigación españois, contribuír á mellora da acollida de estudantes, profesores e investigadores estranxeiros en España e de españois no estranxeiro, así como impulsar o Espazo Europeo de Educación Superior e o Espazo Iberoamericano do Coñecemento e xerar accións e procedementos que posibiliten a captación eficiente de alumnos, investigadores e profesores estranxeiros para as universidades españolas.»

Tres. Engádese unha nova alínea j) ao artigo 3.2, coa seguinte redacción:

«j) Prestar servizos de asesoramento, apoio á mobilidade e acollida a estudantes, profesores e investigadores que desexen realizar unha estada académica en España, e de asesoramento sobre internacionalización educativa a institucións españolas e estranxeiras, para o cal poderá cobrar prezos públicos; elaborar informes, estudos e análises sobre a situación internacional da educación española e o seu grao de internacionalización; e cantas outras sexan necesarias para contribuír a unha maior internacionalización do Sistema universitario español, potenciar a súa proxección en todos os ámbitos internacionais, promover no exterior a oferta educativa e investigadora das universidades e centros de investigación españois, contribuír á mellora da acollida de estudantes, profesores e investigadores estranxeiros en España e de españois no estranxeiro, así como impulsar o Espazo Europeo de Educación Superior e o Espazo Iberoamericano do Coñecemento e xerar accións e procedementos que posibiliten a captación eficiente de alumnos, investigadores e profesores estranxeiros para as universidades españolas.»

Catro. Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 5 e engádese un novo número 6, pasando o actual 6 a ser 7, coa seguinte redacción:

«1. O Consello Reitor estará integrado polos seguintes membros:

- a) O presidente, que será o secretario xeral de Universidades.
- b) O vicepresidente, que será o director xeral de Política Universitaria.
- c) Os seguintes vogais:

O director xeral de Avaliación e Cooperación Territorial.

O director do organismo autónomo Servizo Español para a Internacionalización da Educación.

Un representante do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, con rango de director xeral, elixido polo titular do citado departamento.

Un representante do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, con rango de director xeral, elixido polo titular do citado departamento.

Un reitor de universidade, elixido polo Consello de Universidades.

Un representante designado polas comunidades autónomas, con rango de director xeral, ás cales corresponda exercer a representación autonómica para o Comité do programa «Erasmus+» da Comisión Europea ou o que o substitúa.

Un representante da autoridade nacional con rango de subdirector xeral ou asimilado.

d) O secretario, que será un funcionario do organismo autónomo Servizo Español para a Internacionalización da Educación e actuará con voz pero sen voto

Poderán asistir igualmente ao Consello Reitor os directores das unidades do organismo, con voz pero sen voto.

4. Por razóns de urxencia, ou cando a natureza da materia que se vai tratar o requira, o presidente poderá acordar a realización dunha sesión non presencial por procedementos telemáticos, sen necesidade de constitución presencial do Consello, con respecto aos trámites esenciais establecidos nos artigos 26 e 27.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Acordada a apertura do procedemento, enviaránselles aos membros do Consello con suficiente antelación a convocatoria e a orde do día, así como a documentación correspondente a cada un dos asuntos e as propostas que se consideren oportunas sobre os asuntos que se van tratar, por correo electrónico ou sistema que permita acreditar tanto a data e hora en que se produza a posta á disposición do interesado do acto de convocatoria e documentación que se debe xuntar, como a de acceso ao seu contido por parte dos membros do Consello. Entenderase constituído o Consello cando conste o acceso ao contido de polo menos a metade dos seus membros.

Os membros do Consello deberanse pronunciar no prazo de 72 horas, contadas desde a posta á disposición do contido do acto aos interesados, sobre as propostas recibidas. Os acordos adoptaranse por maioría dos membros para os cales conste o acceso ao contido e, en caso de empate, dirimirá o voto do presidente.

As actas garantirán a constancia das comunicacións producidas, así como o acceso dos membros ao contido dos acordos adoptados.

6. O Consello Reitor poderá constituír os grupos de traballo especializados, de carácter temporal, que xulgue necesarios para o desempeño das súas funcións.

A súa composición virá determinada pola materia obxecto de estudo ou informe.»

Cinco. Modifícase a alínea a) do artigo 6 e suprímese a alínea i).

«a) Aprobar os obxectivos de actuación no marco das directrices do programa «Erasmus+» ou do programa que o substitúa, de acordo cos criterios establecidos polo Regulamento 1288/2013/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013.»

Seis. Modifícase a alínea a) do artigo 11.2, que queda redactada como segue:

«a) Dirixir as actuacións do organismo de acordo coas directrices que establezan o Consello Reitor e o seu presidente, así como as da Comisión Europea, no ámbito dos programas europeos, realizando as convocatorias correspondentes ás distintas actuacións contidas no programa «Erasmus+» ou do programa europeo que o substitúa.»

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 13, que queda redactado como segue:

«1. O organismo autónomo contará coas seguintes unidades:

a) Unidade de Coordinación, responsable da execución das tarefas asignadas polo director do organismo autónomo e dos asuntos horizontais que non se correspondan con competencias especificamente atribuídas a outras unidades.

En todo caso, correspóndenlle as competencias relativas á xestión orzamentaria do organismo.

b) Unidade de Educación Superior, responsable da xestión de todas as accións e/ou programas de educación superior.

c) Unidade de Formación Profesional, responsable da xestión de todas as accións e/ou programas de formación profesional, salvo a formación profesional de grao superior cuxa competencia será da Unidade de Educación Superior.

d) Unidade de Educación Escolar e de Persoas Adultas, responsable da xestión de todas as accións e/ou programas destes sectores educativos e accións transversais.

e) Unidade de Avaliación e Control, responsable da execución das competencias do organismo neste ámbito respecto da xestión dos programas europeos.

f) Unidade de Internacionalización da Educación Superior Española, que se encargará da realización de actuacións para contribuír a unha maior internacionalización do Sistema universitario español, potenciar a súa proxección en todos os ámbitos internacionais, promover no exterior a oferta educativa e investigadora das universidades e centros de investigación españois, contribuír á mellora da acollida de estudantes, profesores e investigadores estranxeiros en España e de españois no estranxeiro, así como impulsar o Espazo Europeo de Educación Superior e o Espazo Iberoamericano do Coñecemento e xerar accións e procedementos que posibiliten a captación eficiente de alumnos, investigadores e profesores estranxeiros para as universidades españolas, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras unidades do organismo.»

Oito. Suprímese o artigo 14 e renuméranse os artigos que o seguen, pasando o artigo 15 a ser o novo artigo 14, e así sucesivamente.

Nove. Modifícase a alínea f) e desprázase a actual alínea f) á nova alínea g) do artigo 17, da seguinte maneira:

«f) Os ingresos de dereito público ou privado que lle corresponda percibir e os que se produzan como consecuencia das súas actividades de xestión e de explotación ou pola prestación dos seus servizos.

g) Calquera outro recurso que lle poida ser atribuído.»

Disposición adicional única. *Adaptación de referencias.*

As referencias contidas no Real decreto 903/2007, do 6 de xullo, e no estatuto que este aproba, así como no resto do ordenamento xurídico español, relativas ao organismo autónomo «Programas Educativos Europeos», ao OAPEE, ao «Programa de aprendizaxe permanente» da Unión Europea e a ministerios e órganos superiores e directivos suprimidos deberán entenderse realizadas, respectivamente, ao organismo autónomo Servizo Español para a Internacionalización da Educación, ao SEPIE, ao programa «Erasmus+» e aos ministerios e órganos superiores e directivos que asumisen as competencias daqueles, de acordo co previsto no Real decreto 1823/2011, do 21 de decembro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, e no Real decreto 257/2012, do 27 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Disposición transitoria única. *Relación de postos de traballo.*

1. Os postos de traballo encadrados nas unidades afectadas ou suprimidas por este real decreto continuarán subsistentes e serán retribuídos con cargo aos mesmos créditos orzamentarios ata que se aprobe a relación de postos de traballo adaptada a este real decreto.

2. Mentres non entre en vigor a nova relación de postos de traballo, os postos de traballo encadrados nas unidades suprimidas por este real decreto adscribíranse provisionalmente, mediante resolución do titular da Subsecretaría, ás reguladas neste, en función das atribucións que teñan asignadas.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de setembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO